

SEXTOS ENCONTROS DE BANDA DESEÑADA NA MARIÑA

CONCURSO DE CREACIÓN

BASES

A Biblioteca do IES Perdouro de Burela convoca o CONCURSO DE BANDA DESEÑADA dentro dos SEXTOS ENCONTROS DE BANDA DESEÑADA NA MARIÑA, no que rexerán as seguintes bases:

1. Poderán participar neste concurso todas as persoas interesadas, existindo as seguintes categorías:

- Libre ou aberta. Poderán participar autores de BD non profesionais que non publicaran nunca obra nin en álbums nin en revistas e que non gañaran en anos anteriores.
- Categoría escolar para alumnado de 15 ata 18 anos.
- Categoría escolar para alumnado ata 14 anos.

2. Cada obra só poderá presentarse nunha das categorías.

3. O tema será libre cos textos en galego. Cada autor/a poderá presentar as obras que considere oportunas, non premiadas noutros concursos.

4. Os traballos terán que ser orixinais, cunha extensión máxima de catro páxinas, a cores ou en branco e negro. A técnica é libre. Os traballos presentaranse con dimensións DIN A-4.

5. A autoría poderá ser individual ou de dúas persoas: debuxante e guionista. O estilo, tratamento e xénero serán libres. O contido das obras non poderá attentar contra a integridade das persoas.

6. Os traballos presentaranse dentro dun sobre pechado no que figurará, na parte exterior, o título ou lema e a categoría na que participa; dentro do sobre incluírase outro tamén pechado no que figuren:

- Título da obra.
- Nome e apelidos do/a concursante (imprescindible)
- Fotocopia do D. N. I
- Centro educativo (no caso das categorías escolares)
- Domicilio e teléfonos de contacto.

7. Os traballos enviaranse a:

IES Perdouro

Rúa do instituto s/n

27880 Burela (Lugo)

8. O prazo da presentación dos traballos remata o 4 de maio do 2014.

9. Os premios serán os seguintes:

- Categoría Libre ou Aberta:
 - 1º Premio: Ordenador portátil.
 - 2º Premio: Tableta dixitalizadora.
- Categorias escolares:
 - 1º Premio: Colección de bandas deseñadas e material de pintura.
 - 2º Premio: Colección de bandas deseñadas e material de pintura.
- Publicación das obras seleccionadas polo xurado nas diferentes categorías.

10. O xurado poderá declarar os premios desertos.

11. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do IES Perdouro. O resto dos traballos poderán ser recollidos no Centro nun prazo non superior a un mes; despois desa data, pasarán a ser propiedade do IES Perdouro.

12. A participación neste concurso implica a aceptación das bases. Os casos non previstos nestas bases serán resoltos a criterio da organización.

IES Perdouro

Rúa do instituto s/n

27880 Burela (Lugo)

Teléfono: 982 575098

ies.perdouro@edu.xunta.es

bandadesexada@gmail.com